

1 Estrutura das canles de contidos

1.1 Sumario

- 1 Versións de RSS
- 2 Sintaxe de RSS
- 3 Estrutura
- 4 Publicación da canle de contido

2 Versións de RSS

A estrutura das canles de contido ou feeds depende da versión de RSS que esteamos a usar. Existen ata 9 versións diferentes de RSS. As máis populares son RSS 0.91, RSS 1.0 e RSS 2.0. As versións RSS 0.91 e RSS 2.0 son máis doadas de entender que RSS 1.0. Con todo, non existe un estándar oficial para RSS.

3 Sintaxe de RSS

As regras sintácticas de RSS son sinxelas (como en XML) e deben cumprirse de forma estrita:

- Todos os elementos teñen que pecharse coa correspondente etiqueta.
- Distínguese entre maiúsculas e minúsculas.
- Os elementos teñen que estar correctamente aniñados.
- Os valores dos atributos teñen que ir sempre entre comiñas.

4 Estrutura

Os documentos RSS usan etiquetas autodescritivas para definir as canles de contido e os seus elementos, tal e como se pode ver no seguinte exemplo:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>

<rss version="2.0">

  <channel>

    <title>Nome do noso feed</title>

    <link>Dirección web na que se atopa o noso RSS</link>

    <description>Contido que se vai ofrecer aos usuarios</description>

    <item>

      <title>Título dun artigo</title>

      <link>Ligazón web ao que podemos ir para ampliar esta información</link>

      <description>Contido da información</description>

    </item>

  </channel>

</rss>
```

Por tanto, unha canle de contido na versión RSS 2.0 ten a seguinte estrutura:

- **Declaración XML.** Define a versión XML e a codificación de caracteres usada no documento. No exemplo anterior a versión de XML usada é a 1.0 e o conxunto de caracteres ISO-8859-1 (Latin-1/West European):

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>
```

- **Declaración RSS.** Identifica que é un documento RSS (neste caso RSS versión 2.0):

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>  
  
<rss version="2.0">  
  
</rss>
```

- **Elemento <channel>.** Con esta etiqueta creamos unha canle na que introduciremos os contidos que queremos mostrar aos outros usuarios:

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>  
  
<rss version="2.0">  
  
  <channel>  
  
  </channel>  
  
</rss>
```

- **Elementos obrigatorios.** O elemento <channel> ten tres elementos fillo requiridos. Estes tres elementos deben describir a nosa canle RSS en xeral, polo que o Título fará referencia ao nome do noso feed, a Ligazón será a URL do noso sitio web e a Descrición informará ao usuario do tipo de contidos que imos incluír na canle.

- ◆ Título: <title>
- ◆ Ligazón: <link>
- ◆ Descrición: <description>

```
<?xml version="1.0" encoding="ISO-8859-1" ?>  
  
<rss version="2.0">  
  
  <channel>  
  
    <title>Nome do noso feed</title>  
  
    <link>Dirección web na que se atopa o noso RSS</link>  
  
    <description>Contido que se vai ofrecer aos usuarios</description>  
  
  </channel>  
  
</rss>
```

- **Novas da nosa canle.** Cada elemento <channel> pode ter un ou varios elementos de tipo <item>. Cada un deles define un artigo ou unha nova do noso feed. No noso exemplo hai un único elemento <item>. Con todo, cada elemento <item> ten tres elementos fillos obrigatorios:

- ◆ Título: <title>
- ◆ Ligazón: <link>
- ◆ Descrición: <description>

Exemplo:

```
<item>  
  <title>Primeira nova do noso RSS</title>  
  <link>http://www.iessanclemente.net/noval.html</link>  
  <description>Información sobre procesos de matrícula curso 2011-2012</description>  
</item>
```

Tamén se recomenda engadir un <guid> (*Globally Unique Identifier*) dentro de cada item. Este guid permite aos agregadores RSS determinar se un item cambiou. Cada item na canle RSS ten que ter un GUID diferente.

```


<item>
  <title>Primeira nova do noso RSS</title>
  <link>http://www.iessanclemente.net/nova1.html</link>
  <guid>http://www.iessanclemente.net/nova1.html</guid>
  <description>Información sobre procesos de matrícula curso 2011-2012</description>
  <author>pepito@correo.com (Pepe Gutierrez)</author>
</item>

```

Ademais, un documento RSS pode ter comentarios que se escriben de xeito análogo a XHTML:

Existen ademais outros **elementos que son opcionais** cando declaramos unha canle que permiten, por exemplo, especificar unha categoría para o feed, o idioma, etc.

Amósase a continuación a representación en árbore da estrutura dun documento RSS 2.0 con todos os seus elementos:



5 Publicación da canle de contido

Unha vez creado e gardado o documento RSS hai que poñelo accesible desde o noso sitio web. Para iso hai que crear un enlace a el co seguinte código XHTML:

```

<a type="application/rss+xml" href="canle_de_contido.xml">

</a>

```

As imaxes que se usan normalmente son as siglas de RSS ou XML:



Se queremos que os navegadores detecten automaticamente o noso feed RSS teremos que por na páxina índice do noso sitio web o seguinte código:

```

<link rel="alternate" type="application/rss+xml" title="RSS Feed do noso Sitio Web"

```

```
href="http://www.dominio.com/feed.xml" />
```

É moi recomendable [validar o noso ficheiro RSS](#) antes de publicalo.

Por outra parte, se queremos darlle a máxima publicidade posible ao noso feed convén dalo de alta nos buscadores máis habituais, así como nos [directorios de canles de contido](#).

Desde o punto de vista do [posicionamento web](#) as canles RSS ofrécennos varias vantaxes. Unha é que cando se inclúe a información da canle RSS nunha web remota isto proporciona unha ligazón á web orixinal coa correspondente ganancia de PageRank e ranking respecto ao texto da ligazón, que é xeralmente o propio título do contido.